



xornada de bibliotecas públicas de galicia

As bibliotecas
públicas do futuro:
as bibliotecas
en proceso de cambio

As bibliotecas públicas do futuro: as bibliotecas en proceso de cambio

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura, organiza a I Xornada de Bibliotecas Públicas de Galicia cun lema que quere mostrar como as bibliotecas acompañan a sociedade á que serven no seu proceso evolutivo: *As bibliotecas en proceso de cambio*.

O obxectivo desta xornada é crear un espazo de encontro entre os profesionais que desenvolven o seu traballo diario nas bibliotecas públicas de Galicia, así como sentar as bases que permitan camiñar cara ao futuro con obxectivos e recursos compartidos e cunha perspectiva clara dos retos que todos os profesionais teñen por diante.

Concíbese como un espazo de prospectiva, de reflexión e de aprendizaxe sobre o día a día do labor bibliotecario.

Con esta xornada quérese potenciar a función social das bibliotecas públicas e a súa necesidade de adaptarse aos cambios de hábitos dos novos usuarios e usuarias. Esta primeira edición está dedicada aos seguintes tres eidos:

- A biblioteca pública aberta á comunidade, provedora de servizos innovadores.
- O espazo físico: espazos flexibles, acolledores e sociais.
- Innovación dixital.

Búscase, sobre todo, a participación activa dos protagonistas: os profesionais bibliotecarios. Por iso prográmanse comunicacións, debates, obradoiros e unha experiencia real de innovación e traballo coa comunidade.

A xornada péchase coa entrega do **Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia**, posto en marcha pola Xunta de Galicia en 2018. ■

programa mañá

- 9:00 – 9:30 h. Acto de apertura
- 9:30 – 10:30 h. Conferencia inaugural
 - Título: *Haberá bibliotecas dentro de dez anos?*
 - Relator: José Luis Bueren Gómez-Acebo
- 10:30 – 11:30 h. A biblioteca pública aberta á comunidade con servizos innovadores
 - Título: *A biblioteca nas nubes*
 - Relator: José Luís Sánchez Rodríguez (Fundación Germán Sánchez Ruipérez)
- 11:30 – 12:00 h. Pausa café
- 12:00 – 13:00 h. O espazo físico na biblioteca pública: espazos flexibles, acolledores e sociais
 - Título: *Transformando bibliotecas, construíndo fogares: a calidade no deseño dos espazos bibliotecarios como estratexia para atraer e acoller a comunidade.*
 - Relatora: Isabel Blanco Pardo
- 13:00 – 14:00 h. Innovación dixital nas bibliotecas públicas
 - Título: *A biblioteca do futuro, o futuro da biblioteca*
 - Relator: Julio Alonso Arévalo
- 14:00 – 16:00 h. Pausa comida

tarde

- 16:00 – 17:30 h.
 - **Obradoiros participativos** (sobre os relatorios):
 - Servizos innovadores: José Luis Sánchez Rodríguez
 - Configuración de espazos e servizos: Isabel Blanco Pardo
 - Innovación dixital: Julio Alonso Arévalo
 - **Presentación de experiencia:** Biblioteca municipal de Muskiz, un exemplo de innovación e integración dos servizos bibliotecarios coa comunidade e de fomento da participación cidadá.
 - Título: *Biblioteca pública: mentres chega o futuro*
 - Relator: Fernando Juárez Urquijo
- 17:30 h. Acto de entrega do **Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia**
- 18:00 h. **Presentación de conclusións e clausura**



galicia
o bo camiño



xornada de bibliotecas públicas de galicia

**As bibliotecas públicas do futuro:
as bibliotecas en proceso de cambio**

Biblioteca de Galicia

Cidade da Cultura de Galicia

Santiago de Compostela

26 de outubro de 2018

Máis información en:

<http://cultura.gal> :: <http://rbgalicia.xunta.gal>



**XUNTA
DE GALICIA**